

## NOTA DE PRENSA

### **PROPOSTA DE PODEMOS CARBALLIÑO DE UN PLAN XERAL CÍVICO DE CONCILIACIÓN DE OCIO E DESCANSO DA VECIÑANZA DO CARBALLIÑO**

Vilas como O Carballiño potencian ano tras ano as súas festas e outras celebracións co fin de que o turismo sexan un dos motores económicos da vila. E certo é que aínda que esa promoción é beneficiosa para a economía de distintos sectores, tamén é certo que moitas veces é difícil conciliar o descanso veciñal co ocio tanto diúrno como nocturno no Carballiño.

Ano tras ano a celebración de festexos e outros eventos, sobre todo no verán, fan que O Carballiño se achegue moita xente tanto dos redores da comarca como de outras provincias. Este movemento fai que sexa moi difícil balancear un comercio local saneado co ocio e a restauración na nosa vila co descanso habitual da veciñanza.

O concello de O Carballiño ten que apostar por políticas dinamizadoras do sector servizos e do comercio local sen que ditas actuación fagan perder calidade de vida a xente residente por non poder respectar o descanso da mesma.

¿ Como conciliar entón o que o dereito ao ocio e ao descanso? Dende Podemos Carballiño facemos a seguinte proposta, baseada en 6 liñas a seguir tanto polo concello e demais administracións públicas con competencias en distintas áreas de ser o caso, como pola veciñanza do Carballiño e aos turistas que se achegan a nosa vila. Algunhas das actuacións contempladas en estas liñas xa son medidas a tomar a curto prazo, outras poderían irse proxectando ao longo de o ano.

#### **1. LIMPEZA E CONSERVACIÓN**

Limpeza continua de rúa (aumentando o persoal e supervisando que se chega a tódalas rúas da vila), incidindo nas zonas de máis afluencia: papeis, plásticos, cabichas, etc;

Mantemento e coidado do mobiliario urbán, sistema luminoso e demais complementos: bancos, barandillas, maceteiros,....

Restitución dos contedores de lixo en mal estado (convenio coa Diputación) e especial atención a zonas de maior movemento de xente ben por ser zona de afluencia hostaleira ou mercantil a hora da recollida do lixo;

Limpeza e tratamento da biomasa forestal das zonas verdes e dos montes de titularidade municipal;

#### **2. MOBILIDADE**

Vías alternativas cando se corten rúas polos motivos de festexos ou desfiles;

Indicar con antelación suficiente o corte de rúas ou a restrición do tráfico nas mesmas;

Maior vixilancia para evitar estacionamento en zonas indebidas, para evitar atascos e accidentes;

Colocación de “lomos de burro” ou redutores trapezoidais de velocidade e bandas transversais para evitar os excesos de velocidade dentro da nosa vila (Orden FOM/3053/2008).

Controis de velocidade en puntos conflictivos ou de potencial perigosidade como poden ser a Rúa de Ourense ou a Rúa de Compostela.

### **3. OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA**

Maior control e supervisión nas terrazas do sector hostaleiro;

Colocación nos locais de hostalería de tarxetas informativas co número de mesas habilitadas para a súa colocación tanto temporal como anual;

Control na colocación de grúas, contedores e outros materiais ou estruturas calquera que sexa o orixe e o uso dos mesmos;

Recollida de vehículos abandonados;

### **4. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA**

Control de ruídos en locais de ocio nocturno e diúrno e dos horarios de peche dos mesmos tal como recolle a Orde de 16 de xuño de 2005 da Xunta de Galiza;

Control e acomodo a lexislación na colocación de barras exteriores, equipos de audio e calquera dispositivo de reprodución audiovisual;

Regulación e control nos horarios de espectáculos públicos;

Sancións para evitar os ruídos producidos polo botellón dentro da nosa vila;

### **5. SEGURIDADE**

Máis presenza dos corpos de seguridade (policía local, garda civil, protección civil,...) para evitar en eventos de gran afluencia roubos e outros delitos;

Dotación de Puntos Violeta en eventos para actuar de ser preciso contra actos de violencia machista;

Control sobre atraccións, e que as mesmas cumpran cos requisitos de seguridade precisos para que non resulten potencialmente perigosas para as usuarias;

Delimitar o uso de patíns e outros ciclos e triciclos a motor en zonas peonís e habilitar zonas para o seu uso;

## 6. CIVISMO CIDADÁN

Campañas de información e concienciación da veciñanza para manter limpas as nosas rúas;  
Dotación de papeleiras nas zonas máis transitadas e de maior afluencia;

Concienciación da obriga de recoller as deposicións das nosas mascotas, así como de levalas con correa;

Con este Plan Xeral Cívico que propoñemos e que deixamos aberto a novas medidas que sexan precisas tomar buscamos dende Podemos Carballiño que no Carballiño sexa posible conciliar ocio con descanso, sen que ningún sector da poboación se vexa discriminado ou menosprezado en detrimento de outro.

Polo dito e exposto, solicitamos ao grupo de goberno e ao alcalde de o concello de O Carballiño:

1. Se tomen as medidas pertinentes para poder levar a cabo a nosa proposta, que entendemos necesaria e beneficiosa para toda a veciñanza do Carballiño;
2. Se cree una comisión de estudio para poder levar a cabo dito Plan Xeral Cívico, da cal formen parte representantes do concello, do comercio local, da hostalería , do sector industrial e da veciñanza, para así poder consensuar as medidas que se teñan que tomar e sexan precisas.

Dende Podemos Carballiño buscamos un Carballiño mellor para todos e todas. E para que ese Carballiño que buscamos sexa mellor, temos que ser capaces de conciliar ocio e descanso ao longo de todo o ano. E esta conciliación ten que ser produto do traballo de todas, tanto das administracións como de tódolos sectores da poboación do Carballiño.

*Círculo Podemos no Carballiño  
En O Carballiño, 10 de outubro de 2019*